


Thomas Hobbes

- **Quen é? Introducción**

Thomas Hobbes foi un filósofo inglés considerado un dos fundadores da filosofía política moderna. Ademais do ámbito filosófico, traballou noutros campos do coñecemento como a historia, a ética, a teoloxía, a xeometría ou a física.

Ademais de ser considerado o teórico por excelencia do absolutismo político, no seu pensamento xorden tamén conceptos fundamentais para o liberalismo, tales como o dereito do individuo, a igualdade natural das persoas, o carácter convencional do Estado, entre outros.



- **Cal é a súa mellor obra e explicala**

Thomas Hobbes escribe unha filosofía baseada na visión pesimista e negativa da natureza humana, á cal consideraba egoísta, temerosa e violenta. Outro rasgo da obra de Hobbes atopámolo na crítica ao Estado e á sociedade en xeral, xa que consideraba estes conceptos artificiais, e cría que foran creados de maneira consciente polo individuo para manter certa orde e evitar o caos. Dende a súa visión, Hobbes expón unha teoría na que o ser humano precisa dunha figura que ostente un poder absoluto e que o guíe e garanta a paz e a orde.

A obra máis importante deste filósofo é *Leviatán* (1651), a cal, xunto á súa precursora *De Cive* (1642) amosa un claro exemplo da teoría de Hobbes do contrato social e xustificación dun poder soberano. Nesta última presenta por vez primeira esta teoría, na cal expón que naturalmente o humano vive nunha constante ameaza e por iso decide someterse a unha autoridade común que garanta a seguridade colectiva. En *Leviatán*, a súa principal obra, desenvolve esa idea principal e nomea ao estado como un “monstro artificial”, que o ser humano creou conscientemente. Thomas Hobbes defende un modelo de Estado centralizado, secular, autoritario e no que o soberano non estea suxeito ás leis que el mesmo promulga. Por último, nesta obra expón, ademais da súa política, a súa visión sobre a natureza humana, a relixión, moral e a linguaxe, sempre dende a súa perspectiva do mundo e tendo en conta a súa concepción do ser humano e a sociedade.

- **Por qué é importante para a filosofía?**

Thomas Hobbes foi importante para a filosofía debido as súas ideas sobre a natureza humana e a organización política sentaron as bases para o pensamento político moderno. A súa obra influíu profundamente en filósofos posteriores como John Locke, Jean-Jacques Rousseau e mesmo na formulación das teorías modernas do Estado e do dereito. Aínda que John Locke discrepa coa visión autoritaria de Hobbes, retoma a idea do contrato social para formular a súa propia teoría dun goberno baseado no consentimento dos gobernados, o que demostra a pegada que deixou Hobbes no desenvolvemento do pensamento liberal moderno.